

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

12947 Orde HAC/820/2021, do 9 de xullo, pola que se modifican o Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, e as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público, aprobadas pola Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.

Mediante esta orde modifícanse o Plan xeral de contabilidade pública (en diante, PXCP), aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, e as Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público, aprobadas pola Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.

As modificacións que se realizan no PXCP perseguen varios obxectivos:

En primeiro lugar, trátase de incorporar unha norma de recoñecemento e valoración relativa ao tratamento contable que debe dar unha entidade sometida ao PXCP aos activos utilizados nos acordos de concesión de servizo público que realice como entidade concedente, tanto se o activo o constrúe ou proporciona a entidade concesionaria como se o achega a propia entidade concedente.

A norma de recoñecemento e valoración que se incorpora está adaptada á Norma internacional de contabilidade do sector público n.º 32, «Acordos de concesión de servizos: a concedente», que foi aprobada polo Consello de Normas Internacionais de Contabilidade para o Sector Público (CNICSP/IPSASB) con posterioridade á aprobación do PXCP.

A incorporación desta nova norma supuxo a modificación do balance para a incorporación de novas partidas no activo, así como a ampliación de información na memoria, ademais da creación de novas contas no cadro de contas coas súas definicións e relacións contables.

En segundo lugar, trátase de modificar a denominación dalgúns dos indicadores orzamentarios previstos na nota 24 da memoria das contas anuais do PXCP. Esta nota 24 inclúe unha batería de indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios coa finalidade de sintetizar información relevante sobre a situación económico-financiera e orzamentaria da entidade.

Entre os indicadores orzamentarios relativos ao orzamento de gastos corrente inclúese o «Período medio de pagamento», como expresión do tempo medio que a entidade tarda en pagarlles aos seus acredores derivados da execución do orzamento e cunha formulación clásica que divide as obrigacións pendentes de pagamento entre as obrigacións recoñecidas netas e multiplica ese cociente por 365 para expresar o tempo en días.

Nos últimos anos viñéronse realizando importantes esforzos para o control da morosidade das administracións públicas e a normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira adoptou a expresión «Período medio de pagamento» a provedores como o intervalo temporal en que cada Administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores, computado como prazo medio, cuxo incumprimento dá lugar á adopción das medidas previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o aseguramento de parte do pagamento, e que non modifica as circunstancias de ningunha obriga individual.

A conexión deste «Período medio de pagamento» coas medidas que establece a citada Lei orgánica 2/2012, así como a súa metodoloxía de cálculo desenvolvida no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, fai que baixo o mesmo nome (período medio de pagamento) convivan dous indicadores diferentes, un incluído na memoria das contas

anuais do Plan xeral de contabilidade pública, e o outro introducido pola Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Apreciada a conveniencia de manter os dous indicadores homónimos, cada un no seu ámbito, e co fin de evitar calquera confusión que se poida producir entre eles, modifícase o nome do indicador da memoria do PXCP, que pasará a chamarse «Prazo de realización de pagamentos» conservando a súa formulación actual.

Correlativamente, co obxecto de manter a simetría que presentan na memoria das contas anuais os indicadores do orzamento de gastos corrente e do orzamento de ingresos corrente, modifícase tamén o nome do indicador «Período medio de cobramento», que se denominará «Prazo de realización de cobramentos».

En terceiro lugar, modificouse a nota 21, «Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación», co fin de facer referencia unicamente nela a que se deberá elaborar a información de contratación administrativa en cada exercicio de acordo coa clasificación dos contratos e procedementos en vigor.

Por último, incorporáronse unha serie de modificacións ao PXCP cuxa necesidade se foi poñendo de manifesto desde a súa entrada en vigor, no exercicio 2011 ata o momento actual, e cuxo obxectivo fundamentalmente é mellorar o contido do texto, aclarando, interpretando e desenvolvendo determinados puntos, co fin de facilitar a súa aplicación por parte dos seus distintos destinatarios. Entre outras, a incorporación da definición do custo de reposición depreciado que se deberá utilizar para os efectos de determinar o valor en uso para o cálculo da deterioración naqueles activos con potencial de servizo; a inclusión entre os modelos e técnicas de valoración previstos para a determinación do valor razoable dun activo, do custo de reposición depreciado, para aqueles activos en que non exista un mercado activo, así como outros métodos de valoración de fácil obtención para os bens mobles. Adicionalmente, establécese para as transferencias en especie recibidas nunha entidade o mesmo tratamento contable que para as subvencións non reintegrables, para cuxo rexistro se deben utilizar as mesmas contas previstas na cuarta parte do PXCP para as subvencións.

Ademais das modificacións anteriores do PXCP, esta orde recolle tamén unha modificación puntual das Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público en que se precisa que os consorcios e fundacións adscritos a unha Administración pública se considerarán entidades dependentes da dita Administración.

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os consorcios e as fundacións do sector público deben estar adscritos a unha Administración pública. Esta adscrición comporta, polo xeral, a dependencia ou vinculación das ditas entidades á Administración pública correspondente, o cal se traduce, para os efectos que aquí interesan, na inclusión das súas contas anuais na conta xeral da Administración pública de adscrición.

Coa modificación das Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público preténdese aproximar o máis posible o ámbito subxectivo destas contas ao ámbito subxectivo da conta xeral da Administración de adscrición, integrando naquelas as contas anuais dos consorcios e fundacións do sector público.

Esta orde consta de dous artigos e unha disposición derradeira.

O artigo primeiro modifica o Plan xeral de contabilidade pública e o artigo segundo incorpora a modificación das Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público.

A disposición derradeira establece a entrada en vigor.

Esta orde adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, debido a que con ela se persegue mellorar as normas contables establecidas no Plan xeral de contabilidade pública e as Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do

sector público, e esta orde é o instrumento idóneo, pois alcanzar tal obxectivo só se pode facer mediante orde da ministra de Facenda.

A norma cumpre tamén co principio de proporcionalidade, pois a regulación que contén atende de forma exclusiva o obxectivo descrito.

Respecto ao principio de seguridade xurídica, garantiuse a coherencia da orde co resto do ordenamento xurídico.

En canto ao principio de transparencia, sen prexuízo da súa publicación oficial no «Boletín Oficial del Estado», garántese a publicación da orde ministerial, así como da súa memoria da análise de impacto normativo no portal institucional do Ministerio de Facenda.

Por último, en relación co principio de eficiencia, considérase que as medidas que se deben adoptar para dar cumprimento ao previsto na orde poden ser asumidas cos medios dispoñibles, fomentando o uso racional dos recursos públicos.

Esta orde dítase en exercicio da habilitación legal outorgada ao ministro de Facenda e Administracións Públicas (na actualidade, ministra de Facenda), por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, contida no artigo 124.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, segundo redacción dada a este pola Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, para aprobar o Plan xeral de contabilidade pública e as Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público, nos cales se recollerán e desenvolverán os principios contables públicos.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. Modificación do Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril.

O Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, queda modificado como segue:

Un. Introdúcense as seguintes modificacións no ordinal 6.º, «Criterios de valoración», da primeira parte «Marco conceptual da contabilidade pública»:

1. O parágrafo terceiro do número 4, «Valor razoable», queda redactado como segue:

«Naqueles elementos para os cales non exista un mercado activo, o valor razoable obterase mediante a aplicación de modelos e técnicas de valoración. Entre os modelos e as técnicas de valoración inclúese o emprego de transaccións recentes en condicións de independencia mutua entre partes interesadas e debidamente informadas, se están dispoñibles, referencias ao valor razoable doutros activos que son substancialmente iguais, descontos de fluxos de efectivo, custo de reposición depreciado e modelos xeralmente aceptados para valorar opcións. En calquera caso, as técnicas de valoración empregadas deberán ser consistentes coas metodoloxías xeralmente aceptadas polo mercado para a fixación de prezos, e débese usar, se existe, a técnica de valoración empregada polo mercado que demostrase ser a que obtén unhas estimacións máis realistas dos prezos.

Na falta dunha mellor estimación do valor razoable, poderanse utilizar os valores determinados pola comunidade autónoma que corresponda en aplicación das normas do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto de sucesións e doazóns cando, en función da natureza dos activos, procedan estes valores.

Adicionalmente, poderase considerar como estimación do valor razoable dos bens mobles o valor de taxación calculado para a contratación dun seguro sobre os ditos bens, o valor polo cal foi adquirido pola entidade doadora ou o importe polo que figuraba na contabilidade da entidade doadora.»

2. Modifícase o segundo parágrafo do número 6, «Valor en uso», que pasa a ter a seguinte redacción:

«O valor en uso daqueles activos portadores de potencial de servizo para a entidade é o valor actual do activo mantendo o seu potencial do servizo. Determinarase polo custo de reposición depreciado.»

3. Incorpórase a definición do custo de reposición depreciado dun activo como número 14 do punto coa seguinte redacción:

«14. Custo de reposición depreciado dun activo.

É o custo de reposición do dito activo menos, de ser o caso, a amortización acumulada calculada sobre a base de tal custo, de forma que reflecta o funcionamento, uso e desfrute xa efectuado do activo, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica que o poida afectar.

Este custo depréciase co fin de reflectir o activo nas súas condicións actuais e considerar, deste xeito, o potencial de servizo xa consumido do activo. No seu cálculo non se deberán incluír excesos de capacidade ou ineficiencias con respecto ao potencial de servizo requirido para o activo, sen prexuízo de que se manteña certa capacidade de servizo adicional por motivos de seguridade, adecuada ás circunstancias da actividade da empresa.

Un activo pódese substituír mediante a súa reprodución ou mediante a substitución do seu potencial de servizo. Ao determinar o custo de reposición depreciado, considerarase o importe máis baixo que resulte dos anteriores menos a amortización acumulada que correspondería ao dito custo.»

Dous. Na norma de recoñecemento e valoración 2.^a, «Inmovilizado material», da segunda parte, «Normas de recoñecemento e valoración», realízanse as seguintes modificacións:

1. Incorpórase un primeiro parágrafo no número 3, «Activación de gastos financeiros», coa seguinte redacción:

«Nos inmovilizados que necesiten un período de tempo superior a un ano para estaren en condicións de uso, as entidades poderán incorporar ao prezo de adquisición ou custo de produción os gastos financeiros que se devindicaron con anterioridade á súa posta en condicións de funcionamento, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.»

2. Incorpórase un último parágrafo no número 8, «Deterioración», coa seguinte redacción:

«A reversión da deterioración terá como límite o valor contable do inmovilizado que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrase a deterioración de valor.»

Tres. Na norma de recoñecemento e valoración 12.^a, «Activos construídos ou adquiridos para outras entidades», da segunda parte, «Normas de recoñecemento e valoración», introdúcense as seguintes modificacións:

1. Dáselle nova redacción ao número 2, «Recoñecemento e valoración por parte da entidade xestora», que queda redactado como segue:

«Cando os ingresos e os custos asociados ao contrato ou acordo poidan ser estimados con suficiente grao de fiabilidade, os ingresos derivados del recoñeceranse no resultado do exercicio, con base no grao de avance ou realización da obra ao final de cada exercicio.»

O prezo de adquisición ou custo de produción calcularase conforme o establecido na norma de recoñecemento e valoración 11.^a, "Existencias".

Considérase que se poden estimar con suficiente fiabilidade os ingresos e os custos asociados a un contrato ou acordo cando concorren as seguintes circunstancias:

- a) Pódense medir razoablemente os recursos totais do contrato.
- b) É probable que a entidade obteña os rendementos económicos ou o potencial de servizo derivados do contrato.
- c) Tanto os custos que faltan para o remate do contrato como o grao de remate deste na data das contas anuais poden ser medidos con suficiente fiabilidade.
- d) Os custos atribuíbles ao contrato poden ser claramente identificados e medidos con suficiente fiabilidade, de maneira que os custos reais do contrato poden ser comparados coas estimacións previas deles.

Cando os ingresos e os custos asociados ao contrato ou acordo non poidan ser estimados co suficiente grao de fiabilidade, os custos asociados a el recoñeceranse como existencias. Neste caso, os ingresos recoñeceranse cando os activos se lle entreguen á entidade destinataria deles.

En ambos os casos, os custos asociados ao contrato ou acordo que financie a entidade xestora imputaranse como subvención concedida ao resultado do exercicio que proceda de acordo cos criterios establecidos na norma de recoñecemento e valoración 18.^a, "Transferencias e subvencións".»

2. O primeiro parágrafo do número 3, «Recoñecemento e valoración por parte da entidade destinataria», queda redactado como segue:

«Os desembolsos previos á recepción do activo que efectúe a entidade destinataria do contrato ou acordo para financialo rexistraranse como anticipos de inmovilizado.»

Catro. Na norma de recoñecemento e valoración 18.^a, «Transferencias e subvencións», da segunda parte, «Normas de recoñecemento e valoración», realízanse as seguintes modificacións:

1. No número 2, «Recoñecemento», as sublíneas b.1) e b.2) quedan redactadas como segue:

«b.1) As subvencións recibidas non reintegrables contabilizaranse, con carácter xeral, como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto, nunha partida específica, e deberanse imputar ao resultado do exercicio sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados da subvención de que se trate, para o cal se terá en conta a finalidade fixada na súa concesión:

– Subvencións para financiar gastos: imputaranse ao resultado do mesmo exercicio en que se devindiquen os gastos que estean financiando.

– Subvencións para adquisición de activos:

• Activos do inmovilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios: imputaranse ao resultado de cada exercicio en proporción á vida útil do ben, aplicando o mesmo método que para a dotación á amortización dos citados elementos, ou, de ser o caso, cando se produza o seu alleamento, corrección valorativa por deterioración ou baixa en inventario.

No caso de activos non amortizables, imputaranse como ingresos no exercicio en que se produza o alleamento, corrección valorativa por deterioración ou baixa deles en inventario.

No caso de que a condición asociada á utilización da subvención por parte do ente beneficiario supoña que este deba realizar determinadas aplicacións de fondos, poderanse rexistrar como ingresos, a medida que se vaian imputando a resultados, os gastos derivados desas aplicacións de fondos.

- Existencias que non se obteñan como consecuencia dun *rappel* comercial: imputaranse como ingresos do exercicio en que se produza o seu alleamento, corrección valorativa por deterioración ou baixa en balance.

- Activos financeiros: imputaranse como ingresos do exercicio en que se produza o seu alleamento, corrección valorativa por deterioración ou baixa en balance.

Consideraranse, en todo caso, de natureza irreversible as correccións valorativas por deterioración dos elementos na parte en que estes fosen financiados gratuitamente.

– Subvencións para cancelación de pasivos: imputaranse ao resultado do exercicio en que se produza a dita cancelación, salvo cando se outorguen en relación cun financiamento específico, caso en que se imputarán en función do elemento financiado.

b.2) Transferencias: as monetarias imputaranse ao resultado do exercicio en que se recoñezan. Porén, a imputación a resultados das transferencias recibidas en especie seguirá as regras sinaladas na sublínea b.1) para as subvencións non reintegrables.»

2. O número 4, «Transferencias e subvencións outorgadas polas entidades públicas propietarias», queda redactado como segue:

«As transferencias e subvencións outorgadas a unha entidade pola súa entidade ou entidades propietarias contabilizaranse de acordo cos criterios contidos nos puntos anteriores desta norma de recoñecemento e valoración.

Malia o previsto no parágrafo anterior, a achega patrimonial inicial directa, así como as súas posteriores ampliacións pola asunción de novas competencias, deberán ser rexistradas pola entidade ou entidades propietarias como investimentos no patrimonio das entidades públicas ás cales se efectúa a achega, e valoraranse de acordo cos criterios establecidos na norma de recoñecemento e valoración 8.^a, "Activos financeiros", e pola entidade beneficiaria como patrimonio neto. Neste caso, valoraranse de acordo cos criterios indicados no punto anterior desta norma de recoñecemento e valoración.»

Cinco. O número 2, «Recoñecemento e valoración», da norma de recoñecemento e valoración 19.^a, «Adscricións e outras cesións gratuítas de uso de bens e dereitos», da segunda parte, «Normas de recoñecemento e valoración», queda redactado como segue:

«Estas operacións rexistraranse e valoraranse, tanto na entidade beneficiaria ou cesionaria dos bens ou dereitos como na entidade achegante ou cedente, de acordo cos criterios establecidos na norma de recoñecemento e valoración 18.^a, "Transferencias e subvencións". No caso de que existan dúbidas sobre a utilización do ben ou dereito para a finalidade prevista, a operación terá a consideración de pasivo e activo para a entidade beneficiaria e achegante, respectivamente. Presumirase a utilización futura do ben ou dereito para a finalidade prevista sempre que sexa ese o seu uso no momento de elaborar as contas anuais.

Se a adscrición ou cesión gratuíta do ben é por un período inferior á súa vida económica, a entidade beneficiaria rexistrará un inmovilizado intanxible polo valor razoable do dereito de uso do ben cedido, e a entidade cedente ou adscribente

registrará na conta 299, "Deterioración de valor por usufruto cedido do inmovilizado material", unha deterioración de valor do elemento polo valor contable do usufruto cedido e recoñecerá polo dito importe un gasto por subvención.

Se a adscrición ou cesión gratuíta é por un período indefinido ou similar á vida económica do ben recibido, a entidade beneficiaria registrará no seu activo o elemento recibido en función da súa natureza e polo seu valor razoable na data da adscrición ou cesión, e a entidade cedente ou adscribente dará de baixa o ben adscrito ou cedido polo seu valor contable no momento da adscrición ou cesión e registrará polo dito valor un gasto por subvención.

Naquelas cesións de uso a título gratuíta en que a cesión se pacte por un período dun ano renovable por períodos iguais ou non se estableza a duración da cesión e o cedente reserve para si a facultade de revogala no momento do peche de cada exercicio, así como naqueles casos en que non exista un instrumento xurídico que regule a cesión ou este non estableza con precisión os termos dela, a entidade cesionaria non recoñecerá ningún activo e recoñecerá, polo menos anualmente, un gasto de acordo coa súa natureza e un ingreso por subvención na conta de resultados pola mellor estimación do dereito cedido de cada exercicio.

Nos casos previstos no parágrafo anterior, a entidade cedente non dará de baixa nin deteriorará o elemento cedido e recoñecerá, polo menos anualmente, un gasto por subvención e un ingreso de acordo coa súa natureza na conta do resultado económico patrimonial pola mellor estimación do dereito de uso cedido en cada exercicio.

Por último, polo que se refire ás adscricións de bens a unha entidade pola súa entidade ou entidades públicas propietarias, e para os efectos da aplicación a elas do establecido no número 4 da norma 18.^a, "Transferencias e subvencións", entenderase que os bens obxecto de adscrición constitúen para a entidade que os recibe unha achega patrimonial inicial ou unha ampliación dela como consecuencia da asunción de novas competencias por parte da citada entidade, polo que a entidade ou entidades adscribentes non registrarán un gasto, senón unha participación no patrimonio neto da entidade que recibe o ben polo valor razoable do usufruto cedido e a entidade beneficiaria rexistrará unha achega patrimonial de bens e dereitos.»

Seis. Incorpórase a norma de recoñecemento e valoración 21.^a, «Acordos de concesión», na segunda parte, «Normas de recoñecemento e valoración», co seguinte contido:

«21.^a Acordos de concesión.

1. Delimitación.

Para os exclusivos efectos desta norma, enténdese por acordo de concesión aquel en cuxa virtude a entidade concedente lle encomenda a unha entidade concesionaria a construción, incluída a mellora, e a explotación, ou soamente a explotación de activos non correntes que están destinados á prestación de servizos públicos de natureza económica durante o período de tempo previsto no acordo, coa obtención, a cambio, do dereito para percibir unha retribución.

Todo acordo de concesión a que se refire esta norma debe cumprir os seguintes requisitos:

a) A entidade concedente controla ou regula que servizos públicos debe prestar a entidade concesionaria, a quen os debe prestar e a que prezo.

b) A entidade concedente controla –a través do dereito de propiedade, do usufruto ou doutra maneira– calquera participación residual significativa nos activos de concesión ao final do prazo do acordo.

No entanto, os acordos sobre activos de concesión utilizados ao longo de toda a súa vida económica inclúense no ámbito desta norma sempre que se cumpra o requisito previsto na alínea a).

Para os efectos da aplicación desta norma, enténdense por activos de concesión:

– As obras e instalacións construídas pola entidade concesionaria, adquiridas a terceiros ou cedidas pola entidade concedente para prestar o servizo público obxecto do acordo.

– A maquinaria, elementos de transporte, activos intanxibles e calquera outro elemento patrimonial necesario para prestar o servizo público xunto cos activos previstos no punto anterior, naqueles casos en que así se recolla no acordo.

Os activos cuxo uso lle ceda a entidade concedente á entidade concesionaria, con ou sen contraprestación, e que non se destinen á prestación do servizo público obxecto do acordo, quedan fóra do alcance desta norma, salvo que se destinen á prestación de servizos accesorios ou complementarios recollidos no acordo de concesión. Nese caso, e exclusivamente para estes activos, exceptúase o cumprimento do requisito enumerado na alínea a) da definición de acordo de concesión.

2. Recoñecemento e valoración inicial.

A entidade concedente dun acordo de concesión rexistrará no seu activo, segundo a súa natureza, os activos de concesión, xa sexan proporcionados por ela ou pola entidade concesionaria, así como calquera mellora nun activo xa existente.

Os activos de concesión deberanse identificar separadamente do resto do activo da entidade concedente, xa sexan proporcionados por ela ou pola entidade concesionaria.

Polo tanto, a entidade concedente manterá no seu activo os activos de concesión existentes na súa contabilidade con anterioridade ao acordo e que, en virtude do seu contido, se van utilizar para a prestación do servizo público. Estes activos manterán a súa valoración, xa que a súa posta á disposición da entidade concesionaria, para o cumprimento do acordo, non se considera causa de deterioración e, polo tanto, non supón modificación na valoración dos ditos activos.

A entidade concedente deberá dar de alta na súa contabilidade cando se cumpran os requisitos para o seu recoñecemento previstos no número 5, "Criterios de rexistro ou recoñecemento contable dos elementos das contas anuais" do marco conceptual, os activos de concesión proporcionados pola entidade concesionaria ou calquera mellora nun activo xa existente da entidade concedente, ao valor razoable no momento do seu rexistro, utilizando como contrapartida unha conta acreedora que terá distinta natureza en función dos termos que se establezan no acordo de concesión; poderán existir dous modelos de rexistro: o modelo do pasivo financeiro e o modelo de concesión dun dereito de uso á entidade concesionaria, así como un modelo mixto, por combinación dos dous anteriores.

1. Modelo do pasivo financeiro:

Se a entidade concedente ten unha obriga incondicional de pagarlle efectivo ou outro activo financeiro á entidade concesionaria pola construción, adquisición ou mellora dun activo de concesión, a concedente rexistrará o activo de concesión polo seu valor razoable utilizando como contrapartida un pasivo financeiro, polo mesmo importe, ao cal lle será de aplicación o previsto na norma de recoñecemento e valoración 9.^a, "Pasivos financeiros".

Os pagamentos que se lle realicen á concesionaria contabilizaranse como redución do dito pasivo financeiro e como gasto financeiro por xuros, polo importe que corresponda ao financiamento dos activos de concesión, e como gasto, en concepto de prestación de servizos por parte da entidade concesionaria, a parte dos pagamentos que se corresponda co servizo.

2. Modelo de concesión dun dereito de uso á entidade concesionaria.

Cando a entidade concedente non teña unha obriga incondicional de pagarlle efectivo ou outro activo financeiro á entidade concesionaria pola construción, adquisición ou mellora dun activo de concesión, e lle conceda á entidade concesionaria o dereito para obter ingresos polo uso de terceiros, a concedente contabilizará o activo polo valor razoable utilizando como contrapartida unha conta de ingresos directamente imputable ao patrimonio neto da entidade, para reflectir a parte de ingresos non devindicados que xorden da transacción, que se irán devindicando durante o período da concesión de acordo co previsto nas normas de recoñecemento e valoración 6.^a, "Arrendamentos e outras operacións de natureza similar," e 15.^a, "Ingresos con contraprestación".

3. Modelo mixto.

Se, como consecuencia da contraprestación que se vai realizar, a entidade concedente incorre en parte nun pasivo financeiro e en parte na concesión dun dereito á entidade concesionaria á explotación dos activos obxecto de concesión, cómpre contabilizar de forma separada cada contrapartida da operación, de acordo cos números 1 e 2 anteriores.

3. Valoración posterior.

Na valoración posterior dos activos de concesión aplicarase o previsto respecto diso nas normas de recoñecemento e valoración 2.^a, "Inmovilizado material", e 5.^a, "Inmovilizado intanxible", segundo proceda.

4. Acordos de concesión para a prestación dun servizo sen construción ou achega de activos de concesión por parte da entidade concesionaria.

Cando o acordo de concesión se refira unicamente á explotación por parte da entidade concesionaria dos activos de concesión, aplicaranse os criterios xerais para o rexistro dos gastos e dos ingresos establecidos neste plan.»

Sete. As normas de recoñecemento e valoración 21.^a, «Cambios en criterios e estimacións contables e erros», e 22.^a, «Feitos posteriores ao peche do exercicio», da segunda parte, «Normas de recoñecemento e valoración», pasan a ser, respectivamente, 22.^a, «Cambios en criterios e estimacións contables e erros», e 23.^a, «Feitos posteriores ao peche do exercicio».

Oito. No subnúmero «5. Balance» do número 1, «Normas de elaboración das contas anuais» da terceira parte, «Contas anuais», incorpórase un número 20 coa seguinte redacción:

«20. Cando, entre os activos de concesión, se inclúan activos intanxibles, crearase unha partida 6, "Activos de concesión", dentro da epígrafe A.I, "Inmovilizado intanxible" do activo.»

Nove. No modelo do balance que figura no número 2, «Modelos de contas anuais», da terceira parte, «Contas anuais», realízanse as seguintes modificacións:

1. Na epígrafe A.II, «Inmovilizado material» do activo, créase a partida 7, «Activos de concesión».

2. Na partida 1., «Debedores por operacións de xestión», da epígrafe B.III, «Debedores e outras contas a cobrar» do activo, substitúese a conta 431 pola subconta 4310.

3. Na partida 2., «Outras contas a cobrar», da epígrafe B.III, «Debedores e outras contas a cobrar» do activo, na columna «N.º ctas.», engádese a subconta 4311 e substitúese a conta 558 polas subcontas 5580, 5581, 5584 e 5585.

4. Na partida 2., «Créditos e valores representativos de débeda», da epígrafe B.IV, «Investimentos financeiros a curto prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas» do activo, engádese, na columna «N.º ctas.», a subconta 4312.

5. Na partida 2., «Créditos e valores representativos de débeda», da epígrafe B.V, «Investimentos financeiros a curto prazo» do activo, engádese, na columna «N.º ctas.», a subconta 4313.

6. Na epígrafe A.IV, «Outros incrementos patrimoniais pendentes de imputación a resultados» do patrimonio neto, engádese, na columna «N.º ctas.», a conta 137.

7. Créase a epígrafe B.V, «Axustes por periodización a longo prazo», no pasivo, en que se inclúe, na columna «N.º ctas.», a conta 186.

8. Na partida 4., «Outras débedas», da epígrafe C.II, «Débedas a curto prazo» do pasivo, engádese, na columna «N.º ctas.», a subconta 4013.

9. Na epígrafe C.III, «Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a curto prazo» do pasivo, engádese, na columna «N.º ctas.», a subconta 4012.

10. Na partida 1., «Acredores por operacións de xestión», da epígrafe C.IV, «Acredores e outras contas a pagar» do pasivo, substitúese a conta 401 pola subconta 4010.

11. Na partida 2., «Outras contas a pagar», da epígrafe C.IV, «Acredores e outras contas a pagar» do pasivo, engádense, na columna «N.º ctas.», as subcontas 4011 e 5586.

Dez. No modelo do estado de cambios no patrimonio neto que figura no número 2 «Modelos de contas anuais», da terceira parte, «Contas anuais», realízanse as seguintes modificacións:

Na segunda parte «Estado de ingresos e gastos recoñecidos»:

1. Na partida 4., «Outros incrementos patrimoniais» da epígrafe II, «Ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto», engádese, na columna «N.º ctas.», o subgrupo 95.

2. Na partida 4., «Outros incrementos patrimoniais» da epígrafe III, «Transferencias á conta do resultado económico patrimonial ou ao valor inicial da partida cuberta», engádese, na columna «N.º ctas.», o subgrupo 85.

Once. A nota 2, «Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración» da memoria, pasa a ter a seguinte denominación e contido:

«2. Acordos de concesión e actividades conxuntas.

Para os efectos da elaboración desta nota, entenderase por acordos de concesión os regulados na Norma de recoñecemento e valoración 21.^a, "Acordos de concesión", e por actividades conxuntas, aquelas que non requiren a constitución dunha nova entidade, ás cales se refire o número 2.a) da norma de recoñecemento e valoración 20.^a, "Actividades conxuntas".

Cando estas operacións teñan un importe significativo, xa sexa individualmente consideradas ou de forma agregada para cada clase de concesión ou actividade conxunta, a entidade subministrará, xunto cos datos identificativos da entidade coa cal se efectúe o acordo ou a actividade, a seguinte información:

1. Para os acordos de concesión: descrición do acordo ou clase de acordo, sinalando a natureza e valoración dos activos de concesión, así como da

contraprestación que se vai realizar, de ser o caso, polos activos achegados pola entidade concesionaria ou pola prestación do servizo; período de concesión; datas de revisión de prezos e bases sobre as cales se negocian; outros dereitos e obrigacións derivados dos acordos, tales como subvencións, anticipos reintegrables, préstamos participativos e axudas; modificacións do acordo producidas durante o exercicio; alternativas de renovación e cesamento.

Para estes efectos, enténdese por clase unha agrupación de acordos de concesión de servizos que involucran servizos de natureza similar.

2. Nas actividades conxuntas que non requiran a constitución dunha nova entidade: o obxecto, o prazo e os compromisos asumidos pola entidade durante a vida da actividade conxunta.»

Doce. Na nota 4, «Normas de recoñecemento e valoración», da memoria incorpórase un número 16, denominado «Acordos de concesión», coa seguinte redacción:

«16. Acordos de concesión: indícanse os criterios seguidos para a valoración dos activos de concesión, así como para a valoración, de ser o caso, das partidas acreedoras derivadas deles, xa sexan pasivos financeiros ou contas de axustes pola periodización de ingresos pendentes de devindicar, así como os criterios de imputación destes a resultados.»

Trece. A columna (12), «Custo amortizado» do estado «1. Situación e movementos das débedas. a) Débedas ao custo amortizado» da nota 10, «Pasivos financeiros» da memoria, pasa a denominarse «Principal» e mantense a forma de determinación do seu importe.

Catorce. A nota 21, «Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación», da memoria pasa a ter o seguinte contido:

«21. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.

Informarase dos importes de adxudicación dos contratos perfeccionados durante o exercicio, por tipo de contrato e procedemento de adxudicación, de acordo coa normativa de contratos do sector público e a lexislación patrimonial. Para os únicos efectos de elaborar esta información, os encargos a medios propios personificados consideraranse un tipo de contrato específico.

O importe total adxudicado por cada procedemento de adxudicación exprésase, ademais de en termos absolutos, en porcentaxe sobre o total adxudicado por todos os procedementos.»

Quince. Na nota 23, «Información orzamentaria», da memoria introdúcense as seguintes modificacións:

1. Engádesse a sublínea d) «Antigüidade de os dereitos orzamentarios pendentes de cobramento» dentro do número 23.2.2. «Orzamento de ingresos. Dereitos a cobrar de orzamentos pechados», co seguinte contido:

«d) Antigüidade dos dereitos orzamentarios pendentes de cobramento.

Información sobre a antigüidade dos dereitos de orzamentos pechados que estean pendentes de cobramento na fin de exercicio, indicando para cada aplicación orzamentaria:

- Código e descrición da aplicación orzamentaria.
- Importe pendente de cobramento dos dereitos recoñecidos en cada un dos cinco exercicios anteriores a aquel a que se refiren as contas anuais.
- Importe pendente de cobramento dos dereitos recoñecidos nos restantes exercicios.
- Importe total pendente de cobramento.»

2. No número 23.3, «Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores», realízanse as seguintes modificacións:

- b.1) O contido actual do dito punto pasará a ser o seu número 1.
- b.2) Engádesse un novo número 2 co seguinte contido:

«2. Compromisos de gasto de carácter plurianual que non se puidesen imputar ao orzamento corrente.

Informarase sobre os compromisos de gasto de carácter plurianual que non se puidesen imputar ao orzamento corrente por falta de crédito adecuado ou suficiente e se encontren nesa situación na fin de exercicio, con detalle de:

- a) Aplicación orzamentaria a que se debería ter imputado o compromiso.
- b) Importe.
- c) Número de operacións incluídas en cada aplicación orzamentaria.»

3. O número 23.7, «Acredores por operacións devindicadas», queda redactado como segue:

«23.7 Acredores por operacións devindicadas.

Información sobre os acredores, por operacións devindicadas en 31 de decembro, non recollida noutros puntos da memoria, detallando as contas do PXCP que se utilizaron como contrapartida no seu rexistro e presentando o importe desagregado no correspondente ao exercicio que se pecha e o correspondente aos exercicios anteriores.»

Conta PXCP	Importe			Observacións
	Ex. N	Ex. anteriores	Total	
Total				

Dezaseis. No número 2, «Indicadores orzamentarios», da nota 24, «Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios», da memoria modifícanse as denominacións dos seguintes indicadores:

1. O indicador do orzamento de gastos corrente 6) PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO pasa a denominarse: «6) PRAZO DE REALIZACIÓN DE PAGAMENTOS».

2. O indicador do orzamento de ingresos corrente 3) PERÍODO MEDIO DE COBRAMENTO pasa a denominarse: «3) PRAZO DE REALIZACIÓN DE COBRAMENTOS».

Dezasete. Na cuarta parte, «Cadro de contas», realízanse as seguintes modificacións:

1. Modifícase a denominación do subgrupo 13, «Subvencións e axustes por cambios de valor», que pasa a denominarse: 13, «Subvencións, axustes por cambios de valor e outros ingresos».

2. Modifícase a denominación do subgrupo 18, «Fianzas e depósitos recibidos a longo prazo», que pasa a denominarse: 18, «Fianzas e depósitos recibidos e axustes por periodificación a longo prazo».

3. Incorpóranse os seguintes subgrupos, na orde que corresponda:

«85. "Imputación doutros ingresos".

95. "Outros ingresos".»

4. Incorpóranse as seguintes contas, na orde que corresponda:
 - «b.1) Conta 137, "Ingresos que se imputarán por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias".
 - b.2) Conta 186, "Ingresos anticipados a longo prazo".
 - b.3) Conta 417, "Anticipos de prestación de servizos".
 - b.4) Conta 850, "Imputación de ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias a resultados do exercicio".
 - b.5) Conta 950, "Ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias".»
5. A conta 401, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamentos de gastos pechados», desagregase nas seguintes contas de segunda orde:
 - «4010. Operacións de xestión.
 4011. Outras contas a pagar.
 4012. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas.
 4013. Outras débedas.»
6. A conta 431, «Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamentos de ingresos pechados», desagregase nas seguintes contas de segunda orde:
 - «4310. Operacións de xestión.
 4311. Outras contas a cobrar.
 4312. Investimentos financeiros en entidades do grupo, multigrupo e asociadas.
 4313. Outros investimentos financeiros.»
7. Modifícase a denominación da conta 446, «Debedores por activos construídos para outras entidades pendentes de certificar», que pasa a denominarse: 446, «Debedores por activos construídos ou adquiridos para outras entidades pendentes de imputar ao orzamento».
8. Modifícase a denominación da subconta 7070, «Ingresos imputados por grao de avance de activos construídos para outras entidades», que pasa a denominarse: 7070, «Ingresos imputados por grao de avance de activos construídos ou adquiridos para outras entidades».

Dezaioito. Na quinta parte, «Definicións e relacións contables», realízanse as seguintes modificacións:

1. Incorpórase a definición e relacións contables da conta 137, «Ingresos que se imputarán por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias»:

«137. Ingresos que se imputarán por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias.

Os derivados como consecuencia da incorporación na entidade concedente dos activos de concesión construídos, adquiridos ou mellorados polas entidades concesionarias cando se lles conceda a estas para a súa contraprestación o dereito a obteren ingresos de terceiros polo seu uso, de acordo cos criterios establecidos na norma de recoñecemento e valoración n.º 21, "Acordos de concesión".

Figurará no patrimonio neto do balance na epígrafe IV, "Outros incrementos patrimoniais pendentes de imputación a resultados".

O seu movemento é o seguinte:

- a) Abóbase no momento do peche do exercicio, pola incorporación do activo de concesión construído, adquirido ou mellorado pola entidade concesionaria con

cargo á conta 950. "Ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias".

b) Cárgase no momento do peche do exercicio, pola imputación á conta do resultado económico patrimonial do ingreso devindicado no exercicio con aboamento á conta 850. "Imputación de ingresos por concesión de dereitos de uso a entidades concesionarias a resultados do exercicio".»

2. Incorpóranse a definición e as relacións contables da conta 186, «Ingresos anticipados a longo prazo»:

«186. Ingresos anticipados a longo prazo.

Ingresos contabilizados cuxo pagamento se producirá en exercicios posteriores ao do seu rexistro.

Figurará no pasivo non corrente do balance, na epígrafe V, "Axustes por periodificación a longo prazo".

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase con cargo, xeralmente, á conta representativa do activo recibido como contraprestación ao ingreso cuxa devindicación non se produciu, no exercicio en que se cumpran os requisitos para o recoñecemento do dito activo.

b) Cargarase con aboamento á conta 485, "Ingresos anticipados", polo traspaso a curto prazo do importe do ingreso recibido de forma anticipada, cuxa devindicación se vaia producir no curto prazo.»

3. Elimínase o motivo de cargo a.5) previsto no movemento das contas do subgrupo «21. Inmobilizacións materiais», e os motivos actuais de cargo a.6) e a.7) pasan a ser, respectivamente, o motivo a.5) e o a.6).

4. A definición da conta 242, «Créditos a longo prazo a entidades do grupo, multigrupo e asociadas», pasa a ter a seguinte redacción:

«242. Créditos a longo prazo a entidades do grupo, multigrupo e asociadas.

Investimentos a longo prazo en préstamos e outros créditos que non deriven das operacións habituais da entidade, incluídos os derivados de alleamentos de inmovilizado, concedidos a entidades do grupo, multigrupo e asociadas, con vencemento superior a un ano.»

5. A definición da subconta 2529, «Outros créditos a longo prazo», pasa a ter a seguinte redacción:

«2529. Outros créditos a longo prazo.

Préstamos e outros créditos concedidos non incluídos nas contas anteriores.»

6. A definición da conta 370, «Activos construídos ou adquiridos para outras entidades», pasa a ter a seguinte redacción:

«370. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades.

Activos construídos ou adquiridos pola entidade cando os ingresos e custos derivados da construción ou adquisición non poden ser estimados co suficiente grao de fiabilidade, con base no correspondente contrato, convenio, acordo ou norma legal, co obxecto de que, unha vez finalizado o proceso de adquisición ou construción destes, se transfiran necesariamente a outra entidade, con independencia de que a entidade destinataria participe ou non no seu financiamento.»

7. No subgrupo 40, «Acredores orzamentarios», a conta 401, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamentos de gastos pechados», figurará coa seguinte desagregación:

«401. Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamentos de gastos pechados.

4010. Operacións de xestión.

4011. Outras contas a pagar.

4012. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas.

4013. Outras débedas.»

8. O segundo parágrafo da definición da conta 401, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamentos de gastos pechados», substitúese polos dous parágrafos seguintes:

«Funcionará a través das súas divisionarias atendendo á orixe ou natureza das obrigacións, de acordo co establecido nas normas de elaboración das contas anuais.

Figurará no pasivo corrente do balance, na epígrafe IV, "Acredores e outras contas a pagar", salvo a subconta 4012, "Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas", que figurará na epígrafe III, «Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a curto prazo» e a subconta 4013, "Outras débedas", que figurará na epígrafe II, "Débedas a curto prazo".»

9. Incorpóranse a definición e as relacións contables da conta 417, «Anticipos de prestación de servizos»:

«417. Anticipos de prestación de servizos.

Recolle os anticipos recibidos á conta da prestación de servizos futura.

Figurará no pasivo corrente do balance na epígrafe IV "Acredores e outras contas a pagar".

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase xeralmente polo importe do anticipo recibido con cargo á conta 430, "Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamento de ingresos corrente".

b) Cargarase cando se devindique a prestación de servizos con aboamento xeralmente á conta 705, "Prestacións de servizos".»

10. No subgrupo 43, «Debedores orzamentarios», a conta 431, «Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamentos de ingresos pechados», figurará coa seguinte desagregación:

«431. Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamentos de ingresos pechados.

4310. Operacións de xestión.

4311. Outras contas a cobrar.

4312. Investimentos financeiros en entidades do grupo, multigrupo e asociadas.

4313. Outros investimentos financeiros.»

11. O segundo parágrafo da definición da conta 431, «Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamentos de ingresos pechados», elimínase e substitúese polos dous parágrafos seguintes:

«Figurarán no activo corrente do balance, na epígrafe III, "Debedores e outras contas a cobrar", salvo a subconta 4312, "Investimentos financeiros en entidades do grupo, multigrupo e asociadas", que figurará na epígrafe IV, "Investimentos financeiros a curto prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas", e a subconta 4313, "Outros investimentos financeiros", que figurará na epígrafe V, "Investimentos financeiros a curto prazo".

Funcionará a través das súas divisionarias, atendendo á orixe ou á natureza dos dereitos, de acordo co establecido nas normas de elaboración das contas anuais.»

12. Modifícanse a denominación, definición e relacións contables da conta 446, «Debedores por activos construídos para outras entidades pendentes de certificar», que serán as seguintes:

«446. Debedores por activos construídos ou adquiridos para outras entidades pendentes de imputar ao orzamento».

Recolle, cando a entidade xestiona a construción ou a adquisición de investimentos para outras entidades e a imputación dos ingresos derivados dela se efectúe en función do grao de avance da obra, a obra realizada durante un exercicio e que se encontre pendente de imputar ao orzamento de ingresos ao finalizar este.

Figurarán no activo corrente do balance, na epígrafe III, "Debedores e outras contas a cobrar".

O seu movemento é o seguinte:

a) Cargarase, polo menos no momento do peche do exercicio, pola obra que se executou nel e que non foi imputada a orzamento, con aboamento á subconta 7070, "Ingresos imputados por grao de avance de activos construídos ou adquiridos para outras entidades".

b) Aboarase, polo recoñecemento orzamentario dos dereitos a cobrar, con cargo á conta 430, "Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamento de ingresos corrente".»

13. A alínea a) do movemento da conta 458, «Dereitos cancelados por recursos doutros entes públicos», queda redactado como segue:

«a) Aboarase con cargo á conta 452, "Entes públicos por dereitos a cobrar", polos dereitos cancelados.»

14. A definición da conta 532, «Créditos a curto prazo a entidades do grupo, multigrupo e asociadas», pasa a ter a seguinte redacción:

«532. Créditos a curto prazo a entidades do grupo, multigrupo e asociadas.

Investimentos a curto prazo en préstamos e outros créditos, distintos daqueles que deban figurar no grupo 4, "Acredores e debedores", incluídos os derivados de alleamentos de inmovilizado, concedido a entidades do grupo, multigrupo e asociadas, con vencemento non superior a un ano.»

15. A definición da conta 542, «Créditos a curto prazo», pasa a ter a seguinte redacción:

«542. Créditos a curto prazo.

Préstamos e outros créditos concedidos a terceiros con vencemento non superior a un ano.

Funcionará a través das súas divisionarias.»

16. O segundo parágrafo da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», terá a seguinte redacción:

«Figurará no activo corrente do balance na epígrafe III, "Debedores e outras contas a cobrar", excepto a subconta 5586, que figurará na epígrafe IV, "Acredores e outras contas a pagar", do pasivo corrente.»

17. A definición e o movemento da conta 750, «Transferencias», pasan a ter a seguinte redacción:

«750. Transferencias.

Fondos recibidos pola entidade, sen contraprestación directa pola súa parte, que se destinan a financiar operacións ou actividades non singularizadas.

Aboarase con cargo, xeralmente, á conta 430. "Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamento de ingresos corrente", no momento en que a transferencia sexa vencida, líquida e exixible.»

18. Os movementos da conta 751, «Subvencións para gastos non financeiros do exercicio», pasan a ter a seguinte redacción:

«Aboarase con cargo:

a.1) Xeralmente, á conta 430. "Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamento de ingresos corrente", no momento en que a subvención sexa vencida, líquida e exixible.

a.2) Á conta que corresponda segundo a natureza do ben que se reciba, no caso de subvención en especie.»

19. A denominación e definición da subconta 7070, «Ingresos imputados por grao de avance de activos construídos para outras entidades», pasan a ser as seguintes:

«7070. Ingresos imputados por grao de avance de activos construídos ou adquiridos para outras entidades.

Recole os ingresos derivados da construción ou adquisición de activos para outras entidades cando a súa imputación á conta do resultado económico patrimonial se efectúe en función do grao do avance desta.»

20. Incorpóranse a definición e relacións contables da conta 850, «Imputación de ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias a resultados do exercicio».

«850. Imputación de ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias a resultados do exercicio.

Conta que recolle a transferencia á conta do resultado económico patrimonial dos ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias que previamente foron imputados a patrimonio neto.

O seu movemento é o seguinte:

a) Cárgase no momento da imputación á conta do resultado económico patrimonial dos ingresos devindicados no exercicio, con aboamento á conta do grupo 7 que corresponda en función da natureza da transacción.

b) Abóase no momento do peche do exercicio con cargo á conta 137. "Ingresos que se imputarán por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias".»

21. A definición das contas 940, 941 e 942, «Ingresos de subvencións para ...», pasa a ter a seguinte redacción:

«940/941/942. Ingresos de subvencións para

Subvencións recibidas nun exercicio non imputadas ao resultado económico patrimonial deste, de acordo co establecido na norma de recoñecemento e valoración 18.^a, "Transferencias e subvencións".

Incluíranse tamén as transferencias en especie recibidas, de acordo co establecido na mesma norma de recoñecemento e valoración.»

22. Incorpóranse a definición e relacións contables da conta 950, «Ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias a resultados do exercicio».

«950. Ingresos por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias a resultados do exercicio.

Conta de contrapartida da alta na entidade concedente dos activos de concesión construídos, adquiridos ou mellorados polas entidades concesionarias cando se lles concede a estas, para a súa contraprestación, o dereito a obteren ingresos de terceiros polo seu uso.

O seu movemento é o seguinte:

a) Abóase con cargo á conta representativa do activo de concesión, construído, adquirido ou mellorado pola entidade concesionaria, polo seu valor razoable.

b) Cárgase no momento do peche do exercicio con aboamento á conta 137. "Ingresos que se imputarán por concesión dun dereito de uso a entidades concesionarias".»

Artigo segundo. *Modificación das Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público, aprobadas pola Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.*

O número 4 do artigo 2 das Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público pasa a ter a seguinte redacción:

«En todo caso, os consorcios e as fundacións adscritos a unha Administración pública terán a consideración de entidades dependentes da dita Administración.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e o artigo primeiro será aplicable ás contas anuais do exercicio 2021.

Madrid, 9 de xullo de 2021.—A ministra de Facenda, María Jesús Montero Cuadrado.